

## OBRADOIROS INFANTÍS DE NADAL

Para público infantil e familiar

Nenos/as a partir de 3 anos sós ou acompañados de adultos

Xoves 26, venres 27 e sábado 28 decembro 2019

Xoves 2, venres 3 e sábado 4 xaneiro 2020

De 12.00 a 14.00

Laboratorio das Artes (1º andar)

ENTRADA LIBRE E GRATUÍTA ata completar capacidade (máximo 40 participantes por sesión)

**Colabora:**



Obra Social "la Caixa"




A partir do 26 de decembro, o MARCO ofrece un **programa especial de Obradoiros de Nadal** dirixidos a público infantil e familiar, que terán lugar no Laboratorio das Artes. A entrada é libre e gratuíta ata completar capacidade, e os adultos acompañantes poden quedarse para participar das actividades, ou ausentarse deixando os datos necesarios para a súa localización. Cun máximo de 40 nenos/as por sesión, aconséllase traer roupa cómoda e facilmente lavable.

Ao longo de 2019, a programación educativa do MARCO contou de novo co apoio de **Obra Social “la Caixa”**, tanto nas visitas e grupos de escolares, como nos obradoiros de verán e propostas para grupos con necesidades específicas. Con esta colaboración, que naceu con ánimo de continuidade, a Obra Social “la Caixa” pretende ofrecer actividades complementarias ao traballo nas aulas, nas que se fomenten a arte e a cultura, e ás persoas con necesidades específicas opcións de ocio inclusivo. Tras a exposición ‘Destacados. Colección Telefónica e Coleccións Concello de Vigo’, no último trimestre o programa para escolares continúa desenvolvéndose ao redor das mostras de Jorge Martins e Eduardo Gruber, mediante visitas e obradoiros dirixidos a alumnado de distintas idades e ciclos educativos (Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, FP e outros ciclos).

## OBRADOIROS NADAL / CALENDARIO SESIÓNS

### *Formas estreladas*

Nos obradoiros de Nadal, a idea é sacar partido das grandes posibilidades didácticas das mostras de Martins e Gruber, con percorridos e experimentos por salas, en contacto directo coas obras, seguidos de actividades no Laboratorio das Artes, procurando un enfoque dinámico e participativo. Partindo da liña, do debuxo e da obra sobre papel como elemento básico, ábrese múltiples posibilidades de xogos e experimentos en torno á percepción das formas.



#### **Xoves 26 decembro**

Experimentamos coa superposición de liñas curvas e rectas, de formas orgánicas e xeométricas, utilizando como elementos básicos cartón, papel, lapis e lá.

#### **Venres 27 decembro**

Entre as figuras de animais que atopamos na mostra (cisnes, cans, cabalos, xirafas, e hasta dinosaurios) hai varias moi singulares, como os peixes, que no obradoiro transformaremos en estrelas.

#### **Sábado 28 decembro**

Creamos un mural colectivo baseado en composicións de formas acotadas sobre cartón.

#### **Xoves 2 xaneiro**

Debuxos no aire, debuxos no chán, debuxos con palillos, debuxos agochados... e outros xeitos de debuxar “ao revés”.

#### **Venres 3 xaneiro**

Colaxes e cadáveres exquisitos a partir de historias, relatos e personaxes imaxinados.

#### **Sábado 4 xaneiro**

Baseándonos en repeticións e combinacións en branco e negro, xogamos co bidimensional/tridimensional e descubrimos a presenza e protagonismo da cor en pequenos detalles.

---

#### **Contacto Departamento de Comunicación e Didáctica**

Marta Viana Tomé

Tel. +34 986 113908 / 113903 / 113900

[comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)

[didactica@marcovigo.com](mailto:didactica@marcovigo.com)